En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 617**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Sergas respecto da elaboración dun plan de emprego que normalice a situación do seu persoal de acordo coa sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que declara ilegal a sucesión de contratos temporais para cubrir prazas estruturais”**, (publicada no BOPG número 10, do 9 de novembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde mantivo unha xuntanza cos sindicatos da mesa sectorial de Sanidade en outubro de 2016 co obxecto de analizar a situación dos nomeamentos eventuais do persoal e a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea.

Nese momento a Administración clarificou que se trata dunha sentenza ditada como consecuencia dunha cuestión prexudicial exposta por un xulgado con ocasión da demanda dunha profesional do Servizo Madrileño de Saúde, non do Sergas, e que esta resolución avala a existencia de sucesivos contratos temporais formalizados cos profesionais, sempre que respondan a necesidades conxunturais non permanentes e existan razóns obxectivas para a súa formalización. Tamén permite a existencia doutro tipo de nomeamentos como os de substitución ou os de curta duración (pool), fundados nas necesidades do sistema sanitario.

Indicou, así mesmo, que no sistema sanitario público de Galicia estase a cumprir o Pacto de contratación temporal recentemente asinado coas organizacións sindicais; e que as causas que motivan os nomeamentos poden ser periodicamente revisadas de cara a valorar a creación de prazas estruturais nos centros de conformidade coas dispoñibilidades orzamentarias. Neste sentido, no ano 2015 estabilizáronse máis de 1.000 profesionais e neste ano 2016, case 800.

A estabilidade no emprego constituíu nestes últimos anos unha das liñas básicas da política de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde, que se manterá de cara ao futuro.

Nesta última lexislatura foron publicadas ofertas públicas de emprego todos os anos, superando as 1.600 prazas para a práctica totalidade das categorías estatutarias. Esta medida, xunto coa cobertura interina dun considerable volume de postos dos cadros de persoal, sitúa nun 80% o persoal estable do cadro medio do Servizo Galego de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 15:25:46



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 992**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da consignación do orzamento necesario, así como a execución das obras de construción do novo centro de saúde do Vinteún, en Ourense”**, (publicada no BOPG número 15, do 16 de novembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 16.02.2017- polo xerente do Sergas ao darlle resposta a unha pregunta sobre o mesmo tema.

No que respecta ao Vinteún, xurdiron problemas xudiciais e urbanísticos na parcela cedida.

O 5/5/2011, escriturouse a parcela e o 2.09.2011 notificouse un recurso contra o acordo que concede a lincenza, que finalmente quedou anulada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 15:25:35



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 1913**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da prestación do servizo de mantemento integral de equipamento electromédico e outro equipamento tras o remate o 30 de novembro de 2016 do contrato adxudicado para ese fin a Ibérica de Mantenimiento, S. A.”**, (publicada no BOPG número 28, do 14 de decembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O servizo integral de mantemento de equipamento electromédico é o conxunto de actividades, procesos, metodoloxía e recursos que se aplican co obxecto de conservar os equipos de electromedicina e as instalacións propias para o seu funcionamento en condicións óptimas, para conseguir a dispoñibilidade dos equipos o maior tempo posible e da forma mais eficaz e económica a longo prazo, así como prolongar a súa vida útil nas mellores condicións de uso para as prestacións asistenciais para as que foron deseñados, mantendo os parámetros de seguridade e respectando os requerimentos do fabricante e as normas vixentes relacionadas co obxecto do contrato. Unha actividade moi especializada para unha materia moi concreta en contínua evolución.

Actualmente non existe no cadro de persoal do Sergas unha categoría específica que teña atribuída a realización das funcións indicadas.

Dada a variabilidade e diferenzas entre os equipos instalados e a evolución da tecnoloxía, resulta moi complexo realizar este mantemento.

O Servizo que se licitou foi un mantemento de tipo integral para o equipamento electromédico (soporte vital, imaxe médica e mobiliario clínico eléctrico, electromecánico ou electrohidráulico) incluíndo a asistencia técnica, as pezas, os repostos, os elementos auxiliares, a man de obra, os desprazamentos, as axudas de custo, o transporte e demais gastos que poidan derivarse do seu cumprimento. Para outro equipamento (ecografía, PACs e equipamento non propiedade do Servizo Galego de Saúde) o servizo que se licitou é o mantemento de primeira intervención.

O servizo adxudicouse por procedemento aberto, garantindo a transparencia e a libre concorrencia.

No que atinxe á duración do contrato, fixouse ata o 30/11/2016.

Estableceronse 6 lotes tendo en conta a agrupación funcional e xeográfica do equipamento instalado, toda vez que resulta imprescindible que se cumpran os tempos de resposta establecidos nos pregos para os diferentes tipos de aviso e de equipamento así como as necesidades de stock de equipos de substitución e respostos.

Exclúese do alcance o mantemento do equipamento electromédico do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo porque figura como un servizo a desenvolver ao abeiro do contrato de concesión de obras públicas do Novo Hospital de Vigo.

Os seis lotes do expediente foron adxudicados á empresa Ibérica de Mantenimiento S.A., xa que en todos os casos foi a oferta máis ventaxosa das presentadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 15:24:56



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 1177**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información e as medidas previstas polo Goberno galego para resolver as carencias que presenta o Centro de Saúde de Viana do Bolo en materia de atención pediátrica, así como a garantía do servizo de matrona na vila”**, (publicada no BOPG número 19, do 24 de novembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 31.01.2017- polo director xeral de Asistencia Sanitaria ao darlle resposta á pregunta 2950 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

Naquela informou de que se dispón dun profesional para 717 nenos/nenas nesa zona, 211 de Viana do Bolo.

Afirmou que a poboación infantil está correctamente atendida e cuberta. O servizo funciona con normalidade.

O número de mulleres en idade fértil está en diminución neste Concello. Na Rúa existen matronas profesionais para dar cobertura a estas mulleres.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 15:25:23



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 1850**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Aurelio Alfonso Núñez Centeno e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o contido que vai ter o Programa Acude e Axuda, do Sergas, a súa dotación de persoal e de medios técnicos, así como as perspectivas existentes respecto da súa ampliación tras a posta en marcha do proxecto piloto en Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 27, do 9 de decembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión do Pleno do 27.12.2016- ao darlle resposta á pregunta 1851 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2017 13:22:02



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 1905**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da reposición das prazas de xinecoloxía e pediatría suprimidas no Centro de Saúde das Pontes, a súa opinión en relación co desprazamento que teñen realizar os veciños para facer unha radiografía e as razóns da demora na asunción da titularidade do centro”**, (publicada no BOPG número 29, do 15 de decembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A carteira de Servizos de Atención Primaria (AP) ven recollida no RD 1030/2006, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o seu procedemento para a súa actualización determina as prestacións a desenvolver no ámbito da Atención Primaria.

Na actualidade todas as prestacións recollidas no apartado 603 do anexo II (Servizos de Atención á Muller) do mencionado Real Decreto están a ser realizadas pola matrona e os médicos de familia do Servizo de Atención Primaria das Pontes, igual que nos demais Servizos da Xerencia. A posta en marcha no ano 2013 do plan de parto e nacemento e o procedemento de derivación das pacientes xinecolóxicas e obstetricias de Atención Primaria e Atención Especializada garante a accesibilidade en igualdade de condicións de todas as mulleres da Xerencia, incluídas as de As Pontes. O servizo de xinecoloxía forma parte da carteira de servizos do Complexo Hospitalario de Ferrol e prestando a súa asistencia, como recolle o mencionado RD, no ámbito da Atención Especializada en colaboración e coordinación co primeiro nivel asistencial como se está a facer na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol.

En canto a pediatría o Servizo conta cun pediatra para un total de 1107 nenos menores de 15 anos. Un ratio dentro das recomendacións das sociedades científicas na nosa CCAA e igual o de outros Servizos de AP de similares características.

En canto a dotación dun equipo de RX ao Servizo das Pontes, a dotación axeitada para o centro como soporte do diagnóstico por imaxe é un ecógrafo do que xa dispón na actualidade.

En canto a asumir a a titularidade do Centros de Saúde, están pendente da sinatura do correspondente Convenio.

A Carteira de Servizos do SAP das Pontes é unha das máis completas da Xerencia e conta con todas as Unidades de Apoio de AP.

- Atención adolescente/adulto/ancián
- Atención ó paciente crónico
- Atención domiciliaria
- Atención á muller
- Programa de neno san
- Atención tramitación administrativa
- Control do tratamento con anticoagulantes orais
- IANUS
- Cirurxía menor
- Saúde bucodental
- Fisioterapia
- Teleoftalmoloxía
- Teledermatoloxía
- Teleneuroloxía
- Atención farmacéutica
- Ecografía
- Espirometría
- Citoloxía
- Cribado cancro colorectal
- Punto de Atención. Continuada (PAC).

A Actividade da matrona recóllese na seguinte táboa:

Matrona	Atención a demanda	Atención programa
2016	1171	720

.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 13:02:24



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 1911**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da prestación do servizo de mantemento integral de equipamento electromédico e outro equipamento tras o remate o 30 de novembro de 2016 do contrato adxudicado para ese fin a Ibérica de Mantenimiento, S. A., a restitución destas funcións ao persoal do Sergas que as viña levando a cabo e a valoración que realiza desa adxudicación, así como o balance da súa externalización”**, (publicada no BOPG número 29, do 15 de decembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O servizo integral de mantemento de equipamento electromédico é o conxunto de actividades, procesos, metodoloxía e recursos que se aplican co obxecto de conservar os equipos de electromedicina e as instalacións propias para o seu funcionamento en condicións óptimas, para conseguir a dispoñibilidade dos equipos o maior tempo posible e da forma mais eficaz e económica a longo prazo, así como prolongar a súa vida útil nas mellores condicións de uso para as prestacións asistenciais para as que foron deseñados, mantendo os parámetros de seguridade e respectando os requerimentos do fabricante e as normas vixentes relacionadas co obxecto do contrato. Unha actividade moi especializada para unha materia moi concreta en contínua evolución.

Actualmente non existe no cadro de persoal do Sergas unha categoría específica que teña atribuída a realización das funcións indicadas.

Dada a variabilidade e diferenzas entre os equipos instalados e a evolución da tecnoloxía, resulta moi complexo realizar este mantemento.

O Servizo que se licitou foi un mantemento de tipo integral para o equipamento electromédico (soporte vital, imaxe médica e mobiliario clínico eléctrico, electromecánico ou electrohidráulico) incluíndo a asistencia técnica, as pezas, os repostos, os elementos auxiliares, a man de obra, os desprazamentos, as axudas de custo, o transporte e demais gastos que poidan derivarse do seu cumprimento. Para outro equipamento (ecografía, PACs e equipamento non propiedade do Servizo Galego de Saúde) o servizo que se licitou é o mantemento de primeira intervención.

O servizo adxudicouse por procedemento aberto, garantindo a transparencia e a libre concorrencia.

No que atinxe á duración do contrato, fixouse ata o 30/11/2016.

Estableceronse 6 lotes tendo en conta a agrupación funcional e xeográfica do equipamento instalado, toda vez que resulta imprescindible que se cumpran os tempos de resposta establecidos nos pregos para os diferentes tipos de aviso e de equipamento así como as necesidades de stock de equipos de substitución e respostos.

Exclúese do alcance o mantemento do equipamento electromédico do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo porque figura como un servizo a desenvolver ao abeiro do contrato de concesión de obras públicas do Novo Hospital de Vigo.

Os seis lotes do expediente foron adxudicados á empresa Ibérica de Mantenimiento S.A., xa que en todos os casos foi a oferta máis ventaxosa das presentadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 15:25:12



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3940**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para o estudo e a protección das arquitecturas e construcións posteriores ao ano 1965 non reflectidas na Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, así como a consignación dalgunha partida orzamentaria para axudas destinadas ao mantemento das edificacións de propiedade particular con algún tipo de protección”**, (publicada no BOPG número 59 do 3 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“No proceso da elaboración da Lei do Patrimonio de Galicia aprobada no 2016, chegouse a un acordo previo estudo, de poñer o límite no ano 1965 para catalogar os elementos arquitectónicos do movemento moderno no século XX.

Este acordo chegouse baixo consenso, no período de exposición pública e alegacións, cos membros Fundación DO.CO.MO.MO en Galicia (Documentación y Conservación de la arquitectura y el urbanismo del movimiento urbano) .

Foi esta mesma fundación a que considerou poñer os límites entre 1925 e 1965.

A Xunta de Galicia cumprirá estritamente co establecido na propia Lei, no artigo 88, punto1, apartado e) para o movemento moderno ata o ano 1965, e no punto 2) o recoñecemento para os bens posteriores cando así o determine un estudo pormenorizado.

‘1. Para os efectos do establecido no artigo anterior, presúmese que concorre un significativo valor arquitectónico, para a súa inclusión neste capítulo, nos seguintes bens:

e) Os edificios relevantes da arquitectura ecléctica, modernista, racionalista, do movemento moderno ou característico da complexa sucesión de movementos e tendencias arquitectónicas que percorren o período das primeiras vangardas e o movemento moderno durante o século XX ata 1965, incluída a arquitectura de indianos. Para a consideración do seu valor cultural, os inmobles deben evidenciar, total ou parcialmente, os principios recoñecibles do seu estilo

arquitectónico de forma relevante pola calidade do seu proxecto, espacial ou construtiva, a súa singularidade estética ou a súa representatividade tipolóxica, ademais de posuír unha dimensión social significativa.

2. As presuncións establecidas no punto anterior poden ser obxecto de revisión en función da situación e características do ben. Do mesmo modo, poderá recoñecérselles un significativo valor arquitectónico aos bens construídos con posterioridade ás datas sinaladas no punto anterior sempre que así se determine despois dun estudo pormenorizado’.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 15:24:45



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9476**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da elaboración dun estudo referido á perda de ingresos que supón para os concellos a devolución das cantidades cobradas de xeito indebido pola aplicación automática da normativa estatal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, a existencia de fórmulas para a súa compensación, así como as súas previsións respecto da colaboración coas entidades locais para atender as reclamacións dos contribuíntes e evitar a xudicialización dos procedementos”**, (publicada no BOPG número 121 do 1 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda** que ten o seguinte contido:

“O Goberno da Xunta de Galicia xa se ten dirixido ao Goberno Central, dando cumprimento ao mandato parlamentario aprobado polo pleno do Parlamento de Galicia o día 12 de xullo, para demandarlle a modificación do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana aos efectos de adecuala ás últimas sentenzas do Tribunal Constitucional.

En canto as devolucións estas poderanas reclamar todos os cidadáns que realizaron vendas de inmobles con perda en tanto non prescriba o seu dereito a devolución, e dicir catro anos desde a finalización do prazo de presentación da autoliquidación.

Estas non poden facerse de oficio por parte dos concellos e deben realizalas os mesmos, xa que foron os que recadaron o imposto, e elo independentemente de que a normativa sexa estatal e a xestión sexa compartida.

A Xunta de Galicia tamén se dirixiu a Federación Galega de Municipios e Provincias, como representante dos concellos para que lle dea traslado do mandato parlamentario citado

anteriormente para que habiliten mecanismos para proceder á devolución aos contribuíntes afectados das cantidades indebidamente recadadas nos supostos declarados inconstitucionais polo Alto Tribunal. Estes mecanismos deberán promover que a devolución se realice do xeito máis eficaz posible e mediante procedementos áxiles, co fin de evitar a conflictividade neste ámbito tributario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/11/2017 16:04:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2679**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posta en marcha pola Consellería do Mar das accións formativas nos portos galegos destinadas á capacitación para o exercicio da súa profesión dos traballadores da pesca, do marisqueo e da acuicultura”**, (publicada no BOPG número 43 do 12 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 4.07.2017- ao darlle resposta á pregunta 2678 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 13:01:31



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2698**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“a valoración polo conselleiro de Facenda da redistribución da recadación fiscal”**, (publicada no BOPG número 43 do 12 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 3ª do 24.02.2017- ao darlle resposta á pregunta 2692 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo deputado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 9:41:08



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2786**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Jaime Castiñeira Broz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a creación dunha rede de reservas da biosfera de Galicia”**, (publicada no BOPG número 43 do 12 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 6.04.2017- ao darlle resposta á pregunta 2785 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 9:40:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3297**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o afondamento no traballo desenvolvido polas bibliotecas escolares a prol da formación do alumnado”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 4.05.2017- ao darlle resposta á pregunta 3296 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2017 14:21:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número 3307, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración do Goberno galego respecto das consecuencias do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións**”, (publicada no BOPG número 53 do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia deseñouse un instrumento, o Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública (PGPSSP), que, dende a entrada en vigor do RD 16/2012, permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían a condición de aseguradas, ou beneficiarias, e que non tiveran acceso ás prestacións sanitarias por outro medio.

A implantación do programa priorizou, en todo momento, a continuidade asistencial destas persoas, asegurando que quen o precisase puidera recibir a asistencia sanitaria que requirise. Existen outros programas complementarios a este, o de atención aos menores estranxeiros en situación administrativa irregular que teñen acceso directo ao sistema sanitario público, de acordo co previsto no RD 16/2012; así como o programa de enfermidades transmisibles, polo que calquera inmigrante en situación irregular que non teña nin poida ter cobertura por outro medio, con sospeita dunha enfermidade infecciosa de declaración obrigatoria, ou sospeita dela, recibe atención sanitaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2017 13:21:53



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3322**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“a data prevista polo Goberno galego para a posta en marcha, coa dotación dos medios necesarios, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia establecido na disposición derradeira segunda da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 1ª do 3.02.2017- ao darlle resposta á pregunta 3321 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 9:40:10



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3584**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Moisés Blanco Paradelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas postas en marcha pola Consellería do Medio Rural para mellorar a produción, a comercialización e a internacionalización do sector vitivinícola”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 7ª do 2.03.2017- ao darlle resposta á pregunta 3583 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 9:39:38



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3795**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación da tramitación electrónica de expedientes que permita a súa trazabilidade en toda a Administración pública”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade a Xunta de Galicia dispón de servizos de atención cidadá e información en diferentes canles tales como o telefónico (012), as distintas oficinas de atención presencial e rexistro de documentos, a sede electrónica (sede.xunta.es) ou a páxina web corporativa (xunta.es), entre outros. Neste ámbito, de acordo co establecido no Plan de Administración e Goberno Dixitais 2020 os esforzos de mellora céntranse en:

A posta en marcha dun modelo integrado de atención á cidadanía. Un modelo de visión cidadá de 360 graos, baseado na aliñación de todas as canles e na consolidación das ferramentas e fontes utilizadas na prestación de información e servizos á cidadanía. Isto permitirá ter un modelo máis homoxéneo e eficiente, que redundará nunha mellora da calidade dos servizos.

A potenciación da sede electrónica e das oficinas de atención presencial como as canles principais de prestación de servizos. Ambas canles son complementarias e apóianse mutuamente, entendendo que o cidadán escollerá a canle que máis lle conveña en cada momento e poranse en marcha máis e mellores servizos en cada un delas.

Aumentar a personalización dos servizos. Un dos principios básicos que se quere potenciar de xeito especial neste plan é poder dar unha resposta máis aliñada ás necesidades de cada individuo. Consolidar a información que temos dos cidadáns permitiranos comprender mellor as necesidades individualizadas e proporcionarnos elementos claros para caracterizar os servizos en función de perfís máis concretos.

Personalización dos servizos por segmentos, en especial as canles para a empresa e emprendemento.

No que respecta ao concreto desenvolvemento de plataformas tecnolóxicas, están previstas as seguintes liñas de actuación:

1.- Evolución da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> na que se consolide a información necesaria para que os interesados poidan dispoñer de información máis ampla e facendo especial fincapé nos aspectos máis operativos para a presentación da documentación.

2.- Ampliación do concepto da 'Carpeta do cidadán' que permita a trazabilidade do estado dos expedientes para o seguimento por parte do interesado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 9:39:25



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3938**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da realización dun estudo para a protección das arquitecturas e construcións posteriores ao ano 1965 non reflectidas na Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia”**, (publicada no BOPG número 58 do 2 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“ Galicia conta cunha nova Lei de Patrimonio que data do ano 2016 que determina a presunción de valor arquitectónico.

No proceso da elaboración da lei do patrimonio de Galicia aprobada no 2016, chegouse a un acordo previo estudo, de poñer o límite no ano 1965 para catalogar os elementos arquitectónicos do movemento moderno no século XX.

Este acordo chegouse baixo consenso, no período de exposición pública e alegacións, cos membros FUNDACIÓN DO.CO.MO.MO en Galicia (documentación y conservación de la arquitectura y el urbanismo del movimiento urbano).

Foi esta mesma fundación a que considerou poñer os límites entre 1925 e 1965.

A solución de casos como os citados, está na tramitación de expedientes individualizados de cada unha das edificacións no caso que un edificio posterior ao 1965 que determine os seus valores arquitectónicos tras a elaboración dun estudo pormenorizado.

Ao abeiro da Lei de Patrimonio, neste momento resulta interesante contar con estudos externos que a consellería terá en conta, sen limitar as posibilidades futuras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2017 13:20:34



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4331**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto dos datos do abandono temperá dos estudos en Galicia no ano 2016 pola poboación comprendida entre os 18 e 24 anos antes de acadar a educación secundaria postobrigatoria”**, (publicada no BOPG número 63 do 9 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 21.03.2017- ao darlle resposta á pregunta 4332 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2017 14:21:26



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 5280**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da problemática existente en relación coa restauración do mosteiro de Santa María a Real de Oia, a súa opinión en relación co seu carácter estratéxico na promoción do Camiño de Santiago portugués pola costa e as xestións realizadas para favorecer a súa recuperación patrimonial”**, (publicada no BOPG número 70 do 21 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A problemática en termos de conservación da parte do mosteiro de Oia que non é o templo ou igrexa non se limita á última década, na que o ben puido cambiar de titularidade, se non aos momentos do seu abandono no século XIX e a usos e intervencións que con carácter xa histórico non estiveron ligadas á súa conservación nin rehabilitación. Na actualidade o templo está nun bo estado de conservación, no que se ten investido en varias fases desde a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e un estado de ruína dos edificios claustrais, unha ruína xa histórica.

A importancia do Mosteiro de Oia está nos seus propios valores culturais e no seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico e etnolóxico. A circunstancia de que poida estar ligado a un trazado dun camiño portugués pola costa pendente aínda dunha delimitación oficial é simplemente un complemento do seu interese para a xestión ou usos futuros, pero non é obviamente o seu valor determinante coma monumento. A súa fundación no século XII xa constituíu de por si un elemento esencial na concreción do territorio, dos seus usos e poboacións, e foi o aloxamento da orde do cister na rexión.

Foi declarada monumento o 3.06.1931, moito antes do recoñecemento en global dos camiños de Santiago (en 1962) e da variante dun camiño portugués pola Costa (2016).

Os propietarios dos edificios claustrais do convento teñen realizado un Plan Director do Monumento e unha serie de propostas de intervención que pretenden definir unha explotación rendible do conxunto segundo as súas propias expectativas en termos comerciais.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural non é a propietaria do monumento, se ben no marco das súas competencias ten informado aos promotores sobre as propostas achegadas e os documentos que eles elaboran, co fin de garantir a compatibilidade de tales expectativas coa conservación e protección dos valores que motivaron a súa protección, neste caso co máximo nivel.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, polos datos que ten, deberá intervir co Concello de Oia no momento en que este incorpore, no ámbito das súas competencias, as previsións urbanísticas para os terreos e edificacións que conforman o monumento.

A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia indica que os documentos de carácter urbanístico serán sometidos ao informe en materia sectorial de patrimonio cultural despois da súa aprobación inicial, e polo tanto ata ese momento a entidade municipal é a que ten que estimar as propostas no marco das súas competencias en materia urbanística.

En calquera caso a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural está en disposición de tratar este e calquera asunto en beneficio da conservación do Patrimonio Cultural no marco da mellor colaboración entre as administracións e respectando os ámbitos competencias de cada unha delas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2017 13:10:42



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2789**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona Marta Rodríguez Arias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para atender as familias obxecto dun desafuzamento”**, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 7.02.2017- ao darlle resposta á pregunta 2790 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/11/2017 15:29:57



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 3398**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a certificación que teñen que realizar os traballadores da banca respecto da idoneidade dos clientes para determinados produtos”**, (publicada no BOPG número 54 do 27 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O 3 de xaneiro de 2018 comeza a aplicación do novo marco normativo sobre mercados e instrumentos financeiros, baseados na directiva MiFID II e no regulamento MiFIR, que pretende regular o asesoramento financeiro e que suporá un importante cambio para o sector.

Os obxectivos desta reforma son:

- Reforzar a protección ao investidor, regulando, entre outros, o asesoramento na comercialización de produtos financeiros e os seus incentivos.
- Adaptarse aos desenvolvementos tecnolóxicos e dos mercados, regulando prácticas como a negociación algorítmica automatizada.
- Impulsar a negociación de instrumentos financeiros dende mercados OTC (‘over the counter’) cara a centros de negociación (mercados regulados, sistemas multilaterais de negociación ou sistemas organizados de contratación).
- Aumentar a transparencia nos mercados, non só no relativo á negociación de accións e instrumentos similares senón tamén en relación con bonos ou derivados, para velar polo correcto funcionamento destes na formación de prezos
- Mellorar a regulación dalgúns produtos financeiros como os derivados, especialmente os derivados sobre materias primas.
- Facilitar o acceso das pemes ao financiamento, a través da creación dos «Mercados PEME en expansión».

- Reforzar e harmonizar a supervisión e as sancións a disposición das autoridades competentes e evitar a arbitrase regulatorio.

As nefastas experiencias vividas anteriormente, e que tanto coñecemos en Galicia, coa comercialización indebida de produtos complexos entre clientes con perfil aforrador e sen coñecementos para avaliar o risco do produto non pode volver a repetirse.

Neste sentido, os obxectivos que se perseguen coa nova normativa son precisamente garantir a seguridade, transparencia e eficacia dos mercados, co fin de lograr unha maior protección do investidor, e fundamentalmente dos aforradores minoristas, obrigando ás empresas que prestan servicios de investimentos a determinar o grupo de clientes ao que se dirixirá o instrumento financeiro que se quere comercializar, fixar o nivel de riscos e garantir que o produto solo se distribuirá no mercado previamente definido e regula dunha forma máis específica a información que os bancos deberán proporcionar aos seu clientes, exixindo que os asesores teñan coñecementos e competencias suficientes sobre o produto.

Ante este novo marco a CNMV esta traballando na normativa de transposición ao ordenamento español, unha vez se coñecen as modificacións as que foi sometida a MiFID II. Así e ante a entrada en vigor, o 3 de xaneiro de 2018, das obrigacións de formación das redes de venta, ven de publicar unha guía técnica con algunhas das novidades sobre a formación do persoal das entidades financeiras. Pero tamén na súa paxina ten activada unha Guía operativa de comunicación de operacións baixo MiFIRII.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 9:39:53



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:21
Nº Rexistro: 19772

Data envío: 06/11/2017 13:21:09.314

Data 06/11/2017 13:21

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4128**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para implicarse, se é o caso, na negociación do convenio coletivo da sanidade privada en Galicia”**, (publicada no BOPG número 59 do 3 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade defende a necesidade do mantemento de concertos co sector privado para os servizos non sanitarios para poder garantir o funcionamento da sanidade pública. A maioría dos servizos non sanitarios os levan empresas privadas as que se convocan mediante concursos públicos e que teñen que cumprir os requisitos legais que se sinalan nos correspondentes pregos de contratación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2017 13:21:04



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 5093**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación do proceso de ampliación do Hospital de Montecelo, en Pontevedra, as previsións respecto do seu desenvolvemento e o seu cronograma de execución”**, (publicada no BOPG número 70 do 21 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 7.03.2017- ao darlle resposta á pregunta 5095 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2017 14:20:57



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 5252, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “os datos referidos ao apoio económico prestado polo Goberno galego no ano 2016 aos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro, as actuacións ao respecto para o ano 2017 e a valoración da evolución que presenta esta liña de traballo desde o ano 2009”, (publicada no BOPG número 70 do 21 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 4.07.2017- ao darlle resposta á pregunta 5258 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 15:24:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 13404**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posta en marcha do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI) situado en Santiago de Compostela e os motivos polos que continúa pechado”**, (publicada no BOPG número 168 do 4 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 11.10.2017- pola directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade ao darlle resposta á pregunta 13403 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/11/2017 15:29:46



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 14298**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o motivo polo que os Concellos de Allariz, San Cibrao das Viñas e Verín non resultaron beneficiados dos recursos que a Xunta destina ás Áreas de Rehabilitación Integral (ARI) e a intención da Xunta de destinar máis recursos para os concellos que se atopan nesta situación”**, (publicada no BOPG número 168 do 4 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda** que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia publicou, con data de 30 de xuño de 2017, a ‘Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.’

Esta Orde regulaba as condicións para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016. Este programa aplícase en Galicia a través das Áreas de Rehabilitación Integral.

Nesa Orde establecíase que os concellos que desexasen participar deberían presentar unha solicitude no prazo dun mes.

Todos os concellos que presentaron solicitude participaron no reparto dos fondos asignados e só os que non a presentaron quedaron fóra do dito reparto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/11/2017 15:29:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16638**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a opinión e os datos do Goberno galego respecto das incidencias producidas a consecuencia da insuficiencia de prazas nos autobuses de transporte escolar ao inicio do curso 2017-2018, as sancións previstas para as empresas concesionarias que incumpran a normativa vixente en materia de seguridade e as medias previstas para garantir o correcto funcionamento do servizo”**, (publicada no BOPG número 184 do 29 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A plena garantía da seguridade e calidade do servizo constituíu unha premisa fundamental de todo o proceso de definición do novo mapa de servizos de transporte público, que se levou a cabo por primeira vez neste ano 2017.

Comezando pola regulación que o propio Parlamento de Galicia levou a cabo a través da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, na que se preveu, por unha parte, a priorización da utilización compartida dos servizos de transporte público e, por outra, establecer mecanismos de modificación apremante dos servizos para facilitar a súa prestación á poboación educativa.

Nos pregos de condicións polos que rexen os diferentes contratos formalizados en agosto de 2017 primáronse as condición de seguridade no transporte de menores, indo máis alo do legalmente establecido no Real decreto 443/2001, ao recoller a previsión de que todos os servizos de transporte compartido, nos que se prevé a reserva de prazas a favor de escolares, deberán dotarse dunha persoa adulta que faga as funcións de acompañante, aínda cando consonte con aquel real decreto non fose obrigada. Igualmente, priorizouse a introdución de vehículos dotados de cintos de seguridade, incluso naqueles supostos nos que legalmente non resultaba obrigatorio para a prestación do servizo.

As incidencias detectadas nos primeiros días de funcionamento derívanse do propio proceso de cambio, sendo emendadas e corrixidas inmediatamente polas propias empresas.

De constatare algunha situación de posible risco para os menores usuarios do sistema de transporte público daría lugar á imposición das penalidades previstas nos pregos de condicións polos que rexen estes contratos e, no seu caso, ás sancións derivadas de infraccións administrativas previstas na normativa de transporte terrestre ou na de tráfico e seguridade viaria, segundo fose o caso.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 9:38:57



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16699**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da incidencia dos desprazamentos alternativos aos vehículos na preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático, así como o prazo previsto para estender o modelo do Plan de transporte metropolitano á área de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 184 do 29 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A maioría dos desprazamentos que realiza a diario a poboación galega ten arredor de 7 quilómetros de lonxitude. O Goberno galego considera suficientemente demostrado que os modos de transporte non motorizados son os máis eficientes para cubrir estas distancias e que do seu uso derívanse beneficios en moi diversas áreas: mobilidade, calidade do aire, saúde, igualdade, benestar, economía, patrimonio e urbanismo.

A crecente aposta da Administración autonómica polo fomento desta mobilidade alternativa reflíctese en diversas actuacións no ámbito normativo, entre elas:

-As revisións dos distintos Plans Xerais de Ordenación Urbana para a súa adaptación á LOUGA, que contemplan expresamente a creación de carrís-bici ou de sendas peonís en zonas urbanas.

-O Plan de Ordenación do Litoral, que establece que deben fomentarse os desenvolvementos que minimicen a necesidade da mobilidade, evitando os crecementos lineais e dispersos e contemplando o uso de modos alternativos ao vehículo privado.

-As Directrices de Ordenación do Territorio, que recomendan á Xunta de Galicia realizar unha planificación da mobilidade alternativa, impulsar a intermodalidade e crear unha rede básica de vías ciclistas nas que se poida circular a pé ou en bicicleta.

-A Lei 8/2013, do 28 de xuño de estradas de Galicia, que establece que as sendas e beirarrúas terán a consideración de elementos funcionais das estradas, co mesmo réxime que a propia vía.

-A Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, elaborada pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) no ano 2016 e desenvolvida a través do Plan de Sendas de Galicia. Unha Estratexia que nunha segunda fase abarca, entre outras, a comarca de Pontevedra. Esta estratexia está dirixida ao fomento da mobilidade alternativa a nivel local, cotián e a escala comarcal. Tamén leva implícita a mellora da seguridade viaria, en consonancia co Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020.

Ademais, a mobilidade sustentable non se pode entender sen unha forte aposta polo transporte público colectivo, polos medios de transporte que minimizan as emisións por usuario e que precisan dunha boa planificación para poder responder ás necesidades de mobilidade dos cidadáns.

Neste sentido, a Xunta de Galicia puxo en marcha o Plan de Transporte Metropolitano, un plan actualmente en funcionamento en 5 áreas metropolitanas (A Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago e Vigo) e 65 concellos que aglutinan máis da metade da poboación de Galicia. O Plan de Transporte Metropolitano permitiu que o pasado ano, 2016, se bonificasen 14 millóns de billetes en Galicia, o que supón un incremento de case o 9% con respecto ao exercicio anterior. O Goberno galego sigue a apostar por expandir este modelo e estender os seus beneficios a aquelas áreas onde non está implantado, como é o caso de Ourense e de Pontevedra.

Os Orzamentos da Xunta de 2018 recollen unha partida para o desenvolvemento do Plan de Transporte Metropolitano na área de Pontevedra.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 9:38:43



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16729**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia tendo en conta as necesidades de mobilidade da veciñanza do sur de Lugo, as actuacións que vai levar a cabo, así como as medidas que vai adoptar ao respecto”**, (publicada no BOPG número 184 do 29 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Logo da renuncia das empresas ás concesións de transporte de viaxeiros, a Xunta de Galicia estableceu un programa de actuación co obxectivo fundamental da garantía deste servizo básico para a cidadanía, procedendo á elaboración dunha primeira fase do Plan de Transporte Público de Galicia. Este introduce as primeiras innovacións no propio sistema, como son a incorporación das primeiras formas de prestación de servizos baixo demanda das persoas usuarias, ou a integración de distintas modalidades de transporte público.

Así, nestes traballos de planificación establecéronse varios servizos de transporte público que atenden tráfico nas comarcas do sur da provincia de Lugo: o XG544, o XG545, o XG547, o XG548 e o XG 549. Mediante este conxunto de servizos definiuse unha rede de transporte que permite a mobilidade en transporte público no conxunto destes ámbitos xeográficos.

Os traballos para a redacción dos proxectos contaron coa colaboración dos concellos, cos traballos de campo e coa súa información pública, que facilitaron a introdución de múltiples melloras nos proxectos de explotación que finalmente se aprobaron e foron adxudicados.

Nun proceso de planificación da complexidade do que se levou a cabo por parte da Xunta de Galicia resulta preciso manter unha liña activa de adaptación ás demandas das persoas usuarias, especialmente na fase de implantación, o que xa foi previsto pola Administración nos pregos e se está realizando actualmente.

Así, desde as Xefaturas Territoriais da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, conxuntamente cos concellos interesados e coas empresas adjudicatarias, estase a realizar a supervisión do proceso de implantación, promovendo a introdución daquelas adaptacións que resultan convenientes para unha mellor adecuación do servizo público de transporte ás demandas e necesidades das persoas usuarias.

Neste sentido, xa se introduciron modificacións no contrato XG548 para mellorar a conectividade de Ferreira de Pantón, e estanse estudando alternativas técnicas que, no curto prazo, mellorarán outras conexións como as do Saviñao con Monforte, as de Chantada con Santiago de Compostela, ou, en xeral, as conexións cos centros hospitalarios.

Estes cambios súmanse a outras melloras xa introducidas no Plan, como a recuperación de conexións no Courel mediante servizos de transporte integrados, servizos respecto dos que tamén se prevé a posibilidade da súa mellora nesta fase de implantación mediante unha ampliación do seu ámbito de cobertura. E nos próximos meses iranse incorporando novos sistemas de información ás persoas usuarias e de xestión de servizo baixo demanda.

Nos novos traballos a levar a cabo para a elaboración do Plan de transporte público de Galicia, co obxectivo de 2019, continuaranse a primar a participación pública na súa redacción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 9:38:32



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17680**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a política do Goberno glego en relación coa atención ás persoas diagnosticadas de alzhéimer e outras demencias en Galicia”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 19.10.2017- pola directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade ao darlle resposta á pregunta 17679 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/11/2017 15:29:03



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2759**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas ou actuacións que puxo en marcha a Xunta de Galicia para lles facilitar ás pequenas e medianas empresas o acceso ás tecnoloxías”**, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento aos resultados da aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que define o marco para as políticas de investigación, desenvolvemento e innovación na comunidade galega para este período de programación, contempla entre os seus instrumentos o programa de Fomento de Capacidade de Absorción das Empresas co obxectivo de facilitar o acceso a activos e recursos idóneos para orientar o desenvolvemento de novos produtos ou a mellora dos existentes en base a novos coñecementos.

Así, cómpre mencionar que no Diario Oficial de Galicia de data 24 de xullo de 2017, publicouse a primeira convocatoria do novo Programa Innova Peme, cun orzamento de 5 millóns de euros, que se destina a desenvolver ou incrementar as capacidades innovadoras de pemes galegas que necesitan apoio para sistematizar, potenciar ou desenvolver dita actividade coa que lanzar novos produtos e servizos ou mellorar os seus procesos.

Os apoios serán do 50% do orzamento subvencionable, que se situará entre 100.000 e 200.000 euros para as micropemes e entre 150.000 e 300.000 euros para as pemes, polo que poderán alcanzar os 150.000 euros. Ditos apoios, a través do plan de innovación, poderán destinarse á contratación de persoal, á adquisición de equipamento e material; e a

paxina 1 de 2

licenzas de propiedade industrial. Tamén se poderán obter apoios a través destas axudas para a obtención, validación e defensa de patentes, certificacións e homologacións, a contratación de expertos doutras empresas e de servizos de asesoramento e apoio en materia de innovación, entre outros.

Esta nova iniciativa súmase a outras ferramentas consolidadas como o Programa ReAcciona TIC - impulsado conxuntamente pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e Amtega - que busca impulsar a Empresa 4.0 a través dun catálogo de servizos tecnolóxicos orientados a establecer novas fórmulas de produción e a fabricación de produtos diferenciados e de calidade a través de novos modelos e procesos de deseño, creación e distribución. Concretamente, estes servizos inclúen a elaboración da diagnose para a aplicación de solucións dixitais na empresa, así como servizos de soporte á implantación de solucións dixitais de mobilidade, de mellora da xestión empresarial ou de marketing dixital.

Por último, mencionar que o impacto directo dos dous primeiros anos da Axenda Galicia-Industria 4.0 en tecnoloxías e metodoloxías centradas na Industria 4.0 está estimado en 68 millóns de euros, é dicir, o 47% do total – máis de 143 millóns –, unha porcentaxe que se prevé mellorar co plan de acción para o período 2017-2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias


Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/11/2017 9:40:53



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727